

# IES O CARRIL



# Concreción Curricular

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 24/04/2024

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO ESCOLAR: 29/04/2024

**Curso 2023/24**



## Índice

1. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS AO CONTEXTO DO CENTRO	3
1.1 Educación Secundaria Obligatoria.....	3
1.2 Bacharelato.....	4
2. CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS.....	6
3. CRITERIOS PARA DESENVOLVER OS PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS E INCORPORAR OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	8
4. CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE METODOLOXÍA.....	10
5. CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE OS MATERIAIS E OS RECURSOS DIDÁCTICOS.....	10
6. CRITERIOS DE OFERTA EDUCATIVA, ITINERARIOS E OPTATIVIDADE. .	11
7. CRITERIOS PARA O DESEÑO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.	14
8. CRITERIOS PARA OS PLANS DE REFORZO DAS MATERIAS PENDENTES.....	15
9. CRITERIOS PARA OS PLANS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA ALUMNADO REPETIDOR.....	15
10. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN:.....	16
10.1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN NA ESO:.....	16
10.2 CRITERIOS DE PROMOCIÓN NA ESO.....	17
10.3 CRITERIOS DE TITULACIÓN NA ESO.....	19
10.4 CRITERIOS DE AVALIACIÓN EN BACHARELATO.....	20
10.5 CRITERIOS DE PROMOCIÓN EN BACHARELATO.....	21
10.6 CRITERIOS DE TITULACIÓN EN BACHARELATO.....	22
11. CRITERIOS OUTORGAMENTO DE MATRÍCULAS DE HONRA.....	23
11.1 ESO.....	23
11.2 BACHARELATO.....	24
12. CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN E A AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓN.....	24
13. CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN EN PROXECTOS, PLANS E PROGRAMAS.....	25
14. PROCEDIMENTO PARA A REVISION, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR.....	26



## 1.ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS AO CONTEXTO DO CENTRO

### 1.1 Educación Secundaria Obligatoria

Organizada en 4 cursos, os obxectivos da etapa deben contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan adquirir os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico-tecnolóxico e motor; e a consolidar os hábitos de estudo e de traballo.

Os obxectivos son os seguintes:

- a Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo.
- c Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.
- d Fortalecer as súas capacidades afectivas nas súas relacións coas demais persoas, respectando a diversidade sexual desenvolvendo unha educación afectiva e sexual en igualdade, rexeitando a violencia, os prexuízos de calquera tipo e resolvendo pacificamente os conflitos.
- e Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos.
- f Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas.
- g Desenvolver a confianza en si mesmas/os, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no

coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

- i Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto á natureza contribuíndo á conservación do medio ambiente e á súa mellora.
- l Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- m Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- n Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## 1.2 Bacharelato

O bacharelato ten como finalidade proporcionar formación, madureza intelectual e humana, coñecementos, habilidades e actitudes que permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e aptitude. Así mesmo,

esta etapa deberá permitir a adquisición e o logro das competencias indispensables para o futuro formativo e profesional, e capacitar para o acceso á educación superior.

Os obxectivos son:

- a Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b Consolidar unha madureza persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.
- c Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- d Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.
- i Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

- j Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.
- k Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- l Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.
- n Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.
- o Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.
- p Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora.

## **2. CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS**

Garantir unha formación adecuada pasa por proporcionar unha formación integral que sexa, por unha parte equilibrada, porque incorpora compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias e á tecnoloxía e á actividade física e, por outra, na medida en que avanza a escolaridade, que poida ir proporcionando a formación básica e capacitalo para seguir formándose. No bacharelato ademais deberá proporcionar ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos, habilidades e actitudes que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e aptitude. Debe, así mesmo, facilitar a adquisición e o logro das competencias indispensables para o seu futuro formativo e profesional, e capacitalo para o acceso á educación superior.

A metodoloxía, contidos e os principios pedagóxicos que contribúen á adquisición das competencias clave serán recollidas nas programacións didácticas.

### **3. CRITERIOS PARA DESENVOLVER OS PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS E INCORPORAR OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

Poñerase especial énfase en garantir a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan pronto como se detecte calquera destas situacións.

A intervención educativa buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que lle faciliten ao alumnado unha adquisición e un desenvolvemento adecuados das competencias clave previstas no perfil de saída, e fomentarse a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas.

Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo en equipo, e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión.

Sen prexuízo do seu tratamento específico nas diferentes materias, é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato, así como a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade deberán traballarse en todas as materias.

En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así

como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

Ademais do tratamento específico que se recolle nas diferentes programacións didácticas de cada materia, o IES O Carril contempla as seguintes estratexias para o tratamento dos elementos transversais:

- Celebración e actividades relacionadas coas datas conmemorativas do calendario: día contra a violencia de xénero; día da muller e da ciencia, día de Rosalía de Castro, día das Letras Galegas, etc.

- Realización de obradoiros e actividades complementarias para a sensibilización sobre determinados temas: alimentación saudable, consumo responsable, solidariedade; convivencia, etc.

- Realización de obradoiros e actividades complementarias e extraescolares específica.

#### 4. CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE METODOLOXÍA

Para a adquisición das competencias e o logro dos obxectivos definidos nos puntos anteriores haberá que tomar unha serie de puntos de partida que terán en conta: a **contribución que cada materia** faga a través das súas programacións didácticas, e por outro lado, tomando **medidas non curriculares** relacionadas coa organización e funcionamento do centro, o plan de acción titorial, o plan de convivencia, a planificación das actividades extraescolares e complementarias, a relación coas familias, etc.

Na súa práctica docente, o profesorado do IES O Carril atenderá aos principios pedagóxicos que inspiran as ensinanzas do currículo e á didáctica específica das materias que imparte, pero a continuación recóllense unha serie



de criterios metodolóxicos xerais que cada departamento concretará nas diferentes programacións didácticas:

- Opcións metodolóxicas axustadas ao nivel inicial do que parte o alumnado e que potencien a aprendizaxe autónoma, activa e participativa do alumnado.
- Opcións metodolóxicas que conceden importancia á comprensión lectora.
- Opcións metodolóxicas que promoven o emprego das novas tecnoloxías de información e comunicación na aula como recurso metodolóxico complementario que axude na formación do alumnado.
- Opcións metodolóxicas apoiadas en estruturas de aprendizaxe cooperativa e estratexias interactivas que permitan dinamizar as sesións de clase mediante o intercambio verbal e colectivo de ideas.
- Opcións metodolóxicas baseadas no traballo en equipo
- Opcións metodolóxicas que evitan o uso de modelos de ensino aprendizaxe baseados exclusivamente na transmisión memorística de coñecementos.

## **5. CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE OS MATERIAIS E OS RECURSOS DIDÁCTICOS**

O criterio fundamental para a selección de materiais e recursos didácticos é que estes serán variados e en concordancia coa idade e nivel do alumnado correspondente.

Entre os materiais haberá tanto os de soporte papel de uso individual: libros de texto, fotocopias, cadernos, libros de lectura, etc.

Como tamén, os de soporte dixital, de uso individual (ordenadores, lapis de memoria, aula virtual, etc), ou colectivo (canón de proxección).

Cada aula disporá de, polo menos, un canón e un ordenador con conexión a internet; asemade, na biblioteca poderanse consultar as fontes bibliográficas existentes no catálogo de libros, como tamén manexar ordenadores para procura e/ou consulta de información.

## 6. CRITERIOS DE OFERTA EDUCATIVA, ITINERARIOS E OPTATIVIDADE

A oferta educativa do centro será a seguinte:

- ESO
- Bacharelato: oferta das modalidades de Ciencias e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias Sociais, Artes Vía Música e Artes Escénicas e Artes Vía Artes Plásticas, Imaxe e Deseño.

Despois das decisións adoptadas na CCP os grupos de 1º ESO e 2º ESO optouse por unha oferta educativa que amplíe a educación nos hábitos de promoción de vida saudable e na formación artística musical e no fomento das linguas oficiais. Coa finalidade de orientar a elección do alumnado, en 4º ESO, a distribución das materias en bloques ten un carácter orientador, tanto para os estudos postobrigatorios, establecendo combinacións cuxas materias senten os coñecementos precisos de cara as modalidades de bacharelato e os diversos campos da formación profesional, como para a incorporación á vida laboral. En canto a bacharelato, a distribución está encamiñada a orientar ao alumnado na súa elección cara á preparación da ABAU para os estudos superiores académicos como cara a estudos profesionais.

Así os itinerarios da oferta educativa do IES O Carril son os seguintes:

### 1º ESO

As dúas horas de libre disposición son distribuídas do seguinte xeito: 1 hora a reforzo de Educación Física e 1 hora a reforzo de Lingua Galega e Literatura.

As m

### 2º ESO

As dúas horas de libre disposición son distribuídas do seguinte xeito: 1 hora a reforzo de Música e 1 hora a reforzo de Lingua Castelá e Literatura.

### 3º ESO

As materias optativas que se ofertan son as marcadas por lei: 2ª Lingua estranxeira Francés, Cultura Clásica, Educación Dixital, Oratoria e Cultura Financeira.

## 4º ESO

Ofertaranse 3 itinerarios:

Itinerario 1: Matemáticas B, Bioloxía e Xeoloxía e Física e Química

Itinerario 2: Matemáticas B, Física e Química e Tecnoloxía

Itinerario 3: Matemáticas A, Economía e Emprendemento e Latín

Optativas: Bioloxía e Xeoloxía – Dixitalización - Expresión Artística - Formación e Orientación Persoal e Profesional - Música - 2º Lingua Estranxeira - Cultura Clásica (se non se cursou en 3º ESO) ou Filosofía ou Oratoria (se non se cursou en 3º ESO)

## PDC

A oferta de deste programa dependerá da demanda de alumnado que haxa e da dispoñibilidade horario do profesorado.

## 1º BACHARELATO

Segundo as modalidades, a oferta é a seguinte:

### Modalidade Ciencias e Tecnoloxía

Matemáticas II e Física e Química

Elección da 3ª materia de modalidade entre: Bioloxía e Xeoloxía, Debuxo Técnico I ou Tecnoloxía e Enxeñería I

Optativas: Debuxo Técnico I, Tecnoloxía e Enxeñería I, Anatomía Aplicada, Antropoloxía, Cultura Científica, Economía, Linguaxe e Práctica Musical, Tecnoloxía da Información e Comunicación I, 2ª L. Estranxeira.

### Modalidade de humanidades e Ciencias Sociais

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I ou Latín I

Hª do Munco Contemporáneo

Elección da 3ª materia de modalidade entre: Economía, Grego I ou Literatura Universal.

Optativas: Economía, Grego I, Literatura Universal, Antropoloxía, Cultura Científica, Linguaxe e Práctica Musical, Literatura galega século XX, Tecnoloxía da Información e Comunicación I, 2ª L. Estranxeira,

## Modalidade de Artes

### Vía Música e Artes Escénicas

Análise Musical I, Artes Escénicas I e Coro e Técnica Vogal I

### Vía Artes Plásticas, Imaxe e Deseño

Debuxo Artístico I

Debuxo Técnico aplicado ás Artes Plásticas e Deseño II e

Elección da 3ª materia de modalidade entre: Proxectos Artísticos ou Volume.

Optativas: Cultura Audiovisual, Linguaxe e Práctica Musical, Anatomía Aplicada, Antropoloxía, Cultura Científica, Literatura do galega século XX e Act., Literatura Universal, Tecnoloxía da Información e Comunicación I, 2ª L. Estranxeira.

## 2º BACHARELATO

Segundo as modalidades, a oferta é a seguinte:

### Modalidade Ciencias e Tecnoloxía

Bloque 1: Matemáticas II ou Matemáticas Ap ás CCSS II, Bioloxía e Química

Bloque 2: Matemáticas II, Física

Elección da 3ª materia de modalidade entre: Química ou Tecnoloxía e Enxeñería II

Optativas: Debuxo Técnico II, Física, Hª Música e Danza, Métodos Estatísticos e Numéricos, Psicoloxía, Tecnoloxía da Información e Comunicación II, Xeoloxía e Ciencias Ambientais, 2ª L. Estranxeira,

## **Modalidade de humanidades e Ciencias Sociais**

Bloque 1: Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II, Empresa e Deseño de Modelos de Negocio e Xeografía

Bloque 2: Latín II,

Elección de dúas materias de modalidade entre: Hª Arte, Xeografía e Grego II

Optativas: 2ª L. Estranxeira, Grego II, Hª da Arte, Hª da Música e Danza, Métodos Estatísticos e Numéricos, Psicoloxía, Tecnoloxía da Información e Comunicación II, Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio Galicia.

## **Modalidade de Artes**

Vía Música e Artes Escénicas

Análise Musical II, Artes Escénicas II e

Elección da 3ª materia de modalidade entre: Coro e Técnica Vogal II ou Literatura Dramática

Vía Artes Plásticas, Imaxe e Deseño

Debuxo Artístico II e Deseño

Elección da 3ª materia de modalidade entre: Debuxo Técnico aplicado ás Artes Plásticas e Deseño II ou Fundamentos Artísticos.

Optativas: Hª da Música e Danza, Psicoloxía, Técnicas de Expresión Gráfico Plástica (só na vía de AA PP, Imaxe e Deseño), Hª da Arte, Tecnoloxía da Información e Comunicación II, Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio Galicia, 2ª L. Estranxeira,

## **SECCIÓNS BILINGÜES**

A oferta de Sección Bilingüe no centro son as seguintes materias, niveis e idioma estranxeiro:

1º ESO na materia Bioloxía e Xeoloxía en inglés.

2º ESO na materia Tecnoloxía e Dixitalización en inglés.

3º ESO na materia Dixitalización en inglés.

4º ESO na materia Dixitalización en inglés.

4º ESO na materia de Xeografía e Historia en francés.

1º Bach. na materia Tecnoloxía da Información e Comunicación I en inglés

1º Bach. na materia de Historia do Munco Contemporáneo en francés.

2º Bach. na materia Tecnoloxía da Información e Comunicación II en inglés

## **PROXECTO COMPETENCIAL**

No IES O Carril, o proxecto competencial desenvólvese a través da preparación dunha horta no recinto escolar nalgúns dos cursos dependendo da dispoñibilidade do profesorado de Bioloxía e Xeoloxía

A pesar de que a realización práctica da mesma exige a existencia dunha serie de recursos imprescindibles para a súa posta en funcionamento: terreos acondicionados, recursos materiais, medios económicos e recursos humanos, o centro inicia este proxecto cos seguintes obxectivos:

- Establecer un contacto directo coa natureza cultivada e fomentar a transmisión dos coñecementos básicos potenciando o traballo de campo e os produtos propios da zona.
- Sensibilizar ao alumnado coa natureza, a que valore os alimentos e mellore a súa alimentación.
- Potenciar o traballo en equipo

No restos dos cursos de ESO desenvolveranse proxectos para a celebración das conmemoracións oficiais e do centro a través das diferentes propostas desde o grupo de traballo de Igualdade e Convivencia coas diferentes aportacións do profesorado e departamentos didácticos implicados.

## **ALTERNATIVA Á RELIXIÓN**

Nesta sesión de alternativa á relixión desenvolveranse actividades de aprendizaxe de xogos de lóxica matemática e inxenio, e de participación nas conmemoracións oficiais e do centro a través das diferentes propostas desde o grupo de traballo de Igualdade e Convivencia coas diferentes aportacións do profesorado e departamentos didácticos implicados.

## **7. CRITERIOS PARA O DESEÑO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS**

As actividades complementarias son aquelas que se desenvolven dentro do horario lectivo.

Polo tanto son de asistencia obrigatoria para o alumnado, sempre e cando non supoñan ningún custo adicional para eles.

A súa organización rexerase polo principio de distribución equilibrada ao longo do curso para cada curso e/ou nivel educativo, de tal xeito que non se sobrecargue un trimestre ou curso/nivel respecto aos demais.

Cada departamento, baixo a coordinación de vicedirección, planificará ao comezo de curso o programa de actividades complementarias a desenvolver. Estas actividades estarán relacionadas co currículo do curso/nivel ao que vaian dirixidas, polo tanto adecuaranse ao recollido nas respectivas programacións didácticas.

Para favorecer o desenvolvemento das actividades promoverase a súa interdisciplinaridade.

## **8. CRITERIOS PARA OS PLANS DE REFORZO DAS MATERIAS PENDENTES**

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que o/a alumno/a teñan pendente(s) de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor. O departamento didáctico velará pola realización dos plans de materias pendentes por parte do alumnado.

Para superar a materia pendente o alumnado deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceden.

O plan de reforzo para o alumnado con materias pendentes deberá incluír:

- a) Identificación do alumno/a.
- b) Información relevante sobre a(s) materia(s) sen superar.
- c) Currículo para desenvolver con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar con temporalización.

- g) Seguimento e avaliación.
- h) Acreditación de información á familia.

## **9. CRITERIOS PARA OS PLANS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA ALUMNADO REPETIDOR**

O plan específico para o alumnado repetidor será elaborado polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado tutor.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico do alumnado repetidor e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceden.

Ao final do curso, na sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

O plan específico para o alumnado repetidor deberá incluír:

- a) Identificación do alumno/a.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación de información á familia.
- h) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- i) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- j) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- k) Acreditación de información á familia.

## **10. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN:**

### **10.1 Criterios de AVALIACIÓN na ESO:**

A avaliación ten como finalidade proporcionar información sobre o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, e mediante esa información, tratarase de detectar o grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa.

#### **AVALIACIÓN INICIAL**

A avaliación inicial ten como principais obxectivos adaptar as



ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe. O IES O Carril realiza unha sesión de avaliación inicial, proposta da xefatura de estudos e consensuada na CCP, para cada curso e grupo das diferentes etapas educativas unha vez transcorridas as primeiras semanas de clase.

A sesión de avaliación inicial, realizada baixo a coordinación do profesorado titor, comprenderá, entre outras, as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

a) Análise dos informes do curso anterior.

b) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación educativa co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

Tras a sesión de avaliación inicial o alumnado non disporá dun boletín de cualificacións, como si acontece nas avaliacións parciais e na final ordinaria, pero servirá para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos nos que sexa necesario, para demandar da xefatura do departamento de orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

## **AVALIACIÓNS PARCIAIS E ORDINARIA**

A avaliación de aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias clave e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación sen que isto impida a promoción ou a titulación en ESO. Promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de ESO será continua, formativa e integradora. Avaliaranse tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a práctica docente. Como integradora, a avaliación terá en conta a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o grao de adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Ao longo do curso realizaranse 3 sesións de avaliación parciais a última coincidirá coa avaliación ordinaria. Ademais da análise da evolución do alumnado nas materias propias do curso, farase o seguimento da recuperación das materias pendentes polo profesorado encargado que deberá consignar nas actas as cualificacións das materias das cales é responsable.

A persoa titora recollerá en acta, para cada sesión de avaliación, as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno, e ao grupo no seu conxunto.

Con independencia do seguimento realizado ao longo do curso, o equipo docente, coordinado pola persoa titora do grupo, es:valorará de forma colexiada o progreso do alumnado na sesión de avaliación ordinaria, que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.

As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e á titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas as que incidan no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos membros do equipo docente responsable da avaliación das materias da/o alumna/o.

## **10.2 Criterios de PROMOCIÓN na ESO**

Ao finalizar cada un dos 3 primeiros cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción.

No caso dos programas de diversificación curricular, a decisión sobre a permanencia neles un ano máis adoptarase exclusivamente á finalización do segundo ano de programa.

A decisión de promoción adoptarase de xeito colexiado, atendendo á

consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias e a valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou alumno, e tendo en conta os seguintes criterios de promoción:

**1. O alumnado acadará a promoción dun curso a outro se supera todas as materias ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias,** considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

**2. Ademais dos casos do punto anterior,** o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguit

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada/o nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a suma dos períodos lectivo semanais establecidos no anexo IV do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, das materias ou ámbitos con avaliación negativa non sexan superior a dez.

c) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.

*Para esta consideración o equipo docente valorarase que dado que as materias con continuidade e non superadas poden ser un gran impedimento para unha evolución exitosa no curso seguinte, valorarase que as materias (ou algunha das materias) non superadas sexan materias sen continuidade no curso seguinte.*

d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación:

*A alumna ou alumno asiste ao centro de xeito continuado e efectivo amosando interese polo estudo e demostra o seu esforzo na realización de todas as probas e actividades que lle correspondan das materias non superadas.*

e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso.

A permanencia no mesmo curso considerarase unha media de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. A permanencia no mesmo curso planificarase adaptando as condicións curriculares ás necesidades do alumnado orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes adquiridas. Estas condicións recolleranse no plan específico personalizado establecido no artido 52 da Orde do 8 de setembro de 2021.

En todo caso, a alumna ou alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao logo do ensino obrigatorio.

Ao final do segundo curso de ESO (ou cando o equipo docente considere conveniente propor) entregaráselle ás familias un consello orientador que incluírá un informe sobre o grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias correspondentes así como unha proposta da opción que se considere mais axeitada para continuar a súa formación.

O consello orientador elaborarao o profesorado titor, logo da información recollida na sesión de avaliación final e co asesoramento do departamento de orientación. Este consello orientador incluírase no expediente.

### **10.3 Criterios de TITULACIÓN na ESO**

Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias da etapa (sen prexuízo do establecido no caso de alumnado con adaptación curricular onde os criterios estarán establecidos na devandita adaptación) e tendo en conta os criterios de titulación:

1. Obterá título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

2. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas de todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a 5. Considerándose tanto as materias non superadas do propio curso como as de cursos anteriores.

b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou alumno adquirise as competencias clave.

c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

*A alumna ou alumno asiste ao centro de xeito continuado e efectivo, amosando interese polo estudo e demostrando o seu esforzo na realización de todas as probas e actividades que lle correspondan en todas as materias.*

O alumnado que non titule deberá permanecer un ano mais no mesmo curso nos casos que indica a Orde do 8 de setembro de 2021.

De xeito excepcional, poderá permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias da etapa. Neste caso, poderase prolongar un ano o límite de idade á que se refire o artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006.

Ao finalizar a etapa ou, de ser o caso, ao concluír a súa escolarización, todo o alumnado recibirá un consello orientador individualizado que incluírá unha proposta sobre a opción ou opcións académicas, formativas ou profesionais que

se consideran convenientes.

O consello orientador elaborará o profesorado titor, logo da información recollida na sesión de avaliación final e co asesoramento do departamento de orientación. Este consello orientador incluírase no expediente.

O título de graduado en educación secundaria obrigatoria será único e expedirase sen cualificación.

As alumnas e os alumnos recibirán, ao concluíren a súa escolarización na ESO, unha certificación oficial en que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias da etapa.

#### **10.4 Criterios de AVALIACIÓN en BACHARELATO**

- A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación.
- A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada segundo as distintas materias, terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos de aprendizaxe.
- O profesorado de cada materia decidirá, ao termo do curso, se o alumnado logrou os obxectivos e alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes.
- Promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado e que garantan, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- O alumnado que non supere algunha materia, logo da avaliación ordinaria, coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar de cada curso.

- Ao longo do curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. En todas as sesións de avaliación (parciais e finais), se fará un seguimento e avaliación das materias pendentes e o profesorado encargado do mesmo deberá consignar nas actas de avaliación as cualificacións das materias das que sexa responsable. A derradeira destas tres sesións poderá coincidir coa avaliación final do período ordinario. Haberá, así mesmo unha sesión de avaliación extraordinaria logo da realización das probas extraordinarias. As avaliacións finais ordinaria e extraordinaria realizaranse nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar de cada curso.
- No 2º curso de bacharelato no período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata as datas de celebración das probas extraordinarias, o centro educativo organizará as clases co fin de preparar ao alumnado para a realización da proba de avaliación de acceso á universidade e das probas extraordinarias.  
No 1º curso de bacharelato, o período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo dedicarase á preparación e á realización das probas extraordinarias, e de actividades de apoio, reforzo e recuperación.
- A cualificación das materias será numérica, entre cero e dez sen decimais, considerarase negativa a cualificación menor de 5. Cando o alumnado non se presenta ás probas extraordinarias consignarase non presentado (NP)
- A persoa titora recollerá en acta, para cada sesión de avaliación, as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno, a ao grupo no seu conxunto.
- As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e á titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas as que incidan no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple do equipo docente.

## 10.5 Criterios de PROMOCIÓN en BACHARELATO

- Ao finalizar o 1º curso de bacharelato e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente de cada alumna ou alumno adoptará a decisión sobre a súa promoción ao 2º curso.
- O alumnado acadará a promoción de 1º a 2º curso de bacharelato cando supere as materias cursadas ou teña avaliación negativa en dúas materias como máximo. Para estes efectos, computaranse todas as materias en que estea matriculada a alumna ou alumno.
- O alumnado que acade a promoción ao 2º curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso. No centro coordinaranse as actividades de seguimento, recuperación das materias pendentes e, a súa avaliación, deberá consignarse nas actas da avaliación final do curso do alumna ou alumno correspondente.
- O alumnado de 1º curso de bacharelato que non cumpra as condicións de promoción establecidas deberá matricularse de todas as materias e repetir curso na súa totalidade. Neste caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou alumno superase previamente.
- A superación das materias de 2º curso con continuidade, estará condicionada á superación das correspondentes materias de 1º curso.
- Non obstante, o alumnado poderá matricularse de materias de 2º curso, sen cursar a correspondente materia de 1º curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que o alumnado reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de 2º curso. En caso contrario, deberá cursar a materia de 1º curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións de promoción a 2º curso.
- O alumnado que ao termo de 2º curso tivese avaliación negativa nalgunhas materias, poderá matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas ou poderá optar, por repetir o curso completo. Neste caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que tivera superado.



## 10.6 Criterios de TITULACIÓN en BACHARELATO

1. O título de bacharel acredita o logro dos obxectivos establecidos para a etapa e a adquisición das competencias correspondentes.
2. Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.
3. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

- a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.
- b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.

*Un número de faltas de asistencia sen xustificar na materia non superada que sexa igual ou superior ao 10% do número de sesións da materia no curso, considerarase unha inasistencia continuada e non xustificada na materia. (No cálculo do 10%, realizaranse as aproximacións ao número enteiro mais próximo sendo en 5 décimas considerada a aproximación ao enteiro maior mais próximo)*

- c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas ás da convocatoria extraordinaria

*A/O alumna/o deberá amosar un coñecemento mínimo da materia respostando ás cuestións ou preguntas formuladas nas diferentes probas ou actividades necesarias para a súa avaliación.*

- d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Nese caso, para os efectos do cálculo considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

- O título de bacharel será único e expedirase con expresión da modalidade cursada e da nota media obtida, que se obterá calculando a media aritmética das

cualificacións de todas as materias cursadas, expresadas nunha escala de 0 a 10 con dous decimais, redondeada á centésima.

- Para os efectos do cálculo da nota media para o alumnado que cambia de modalidade ou de materia en 2º curso, só se terán en conta as cualificacións das materias cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata.

## 11. CRITERIOS OUTORGAMENTO DE MATRÍCULAS DE HONRA

### 11.1 Educación Secundaria Obligatoria

O alumnado que, despois da avaliación final de 4º curso, obtivera unha nota media da etapa igual ou superior a 9, poderá obter a distinción de Matrícula de Honra (MH). Esta distinción concederáse a un número non superior ao 5% do conxunto do alumnado matriculado no centro en 4º ESO. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da/o alumna/o.

*En todo caso, para a distinción de Matrícula de Honra adoptaranse os seguintes criterios en caso de empate:*

- a) *Mayor cualificación en 4º ESO, en caso de empate*
- b) *Mayor cualificación en 3º ESO, en caso de empate*
- c) *Mayor cualificación en 2º ESO, en caso de empate*
- d) *Mayor cualificación en 1º ESO.*

### 11.2 Bacharelato

O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha nota media do 2º curso igual ou superior a nove puntos, poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, com máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total de alumnado matriculado en segundo curso de bacharelato. A obtención da mención de matrícula de honra consignarase nos documentos de avaliación da alumna ou alumno.

*En todo caso, para a distinción de Matrícula de Honra adoptaranse os seguintes criterios en caso de empate:*

- a) *Mayor cualificación da media de 2º de Bacharelato, en caso de empate*
- b) *Mayor cualificación da media de 1º de Bacharelato, en caso de empate*
- c) *Mayor cualificación da media das materias troncais de 2º de bacharelato, en caso de empate*
- d) *Mayor cualificación da media das materias troncais de 1º de bacharelato.*

## **12. CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN E A AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS**

Desenvolverase o currículo das ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato mediante a elaboración das correspondentes programacións didácticas para cada unha das materias seguindo as decisións e criterios xerais establecidas nesta concreción curricular, e tendo en conta o disposto no regulamento orgánico.

As programacións didácticas incluirán como mínimo os seguintes elementos:

- a Introducción.
- b Obxectivos da materia ou ámbito, segundo o caso, e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
- c Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da materia que se traballará, coa súa secuenciación e temporización.
- d Metodoloxía.
  - Concrecións metodolóxicas.
  - Materiais e recursos didácticos.
- e Avaliación.

Procedemento para a avaliación inicial.

- Criterios de cualificación, con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da materia ou do ámbito, e criterios de recuperación.
  - Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
- f Medidas de atención á diversidade.
  - g Transversal.
    - Concreción dos elementos transversais.
    - Actividades complementarias.
  - h Práctica docente.

- Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

### **13. CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN EN PROXECTOS, PLANS E PROGRAMAS**

O centro, a través da dirección, promoverá a participación, tanto do alumnado como do profesorado, en aqueles proxectos, plans e programas que se consideren de interese para a formación dos membros da comunidade educativa.

Actualmente o centro participa nos seguintes proxectos e programas de innovación e calidade educativa:

- Plan Anual de Lectura.
- Contratos-Programa.
- Proxecto Abalar
- Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares (PLAMBE).
- Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) con dous grupos de traballo: un para a elaboración e seguimento do Plan Dixital e outro sobre a realización de actividades referidas á igualdade, á diversidade e á convivencia no centro.
- Proxecto de convivencia coa creación de grupos de alumnado axudante de apoio para a resolución entre iguais.
- Colaboración co CIM e os outros centros educativos do concello para a coordinación e o desenvolvemento de actividades conmemorativas referidas a igualdade e a diversidade.
- Participación no programa do Parlamento Xove.
- Oferta de Seccións Bilingües de Inglés en todos os niveis.

### **14. PROCEDEMENTO PARA A REVISION, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR.**

Esta concreción curricular será revisada e avaliada ao finalizar o curso por parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica, que procederá logo a trasladar

ao claustro aquelas medidas de mellora ou modificacións para que este proceda á súa aprobación.

A comezos de cada curso será sometida a votación en claustro e posta logo en coñecemento do Consello Escolar, así como tamén, a toda a comunidade educativa a través da páxina do centro.

Aprobada en Claustro e Consello Escolar  
En O Carril a 30 de Abril de 2024